



**Concello de Valdoviño
(A Coruña)**

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Celebración extraordinaria do feirón no mes de setembro de 2025. Data adicional con ocasión do final do verán.

Expediente: 2025/G003/000597

A ordenanza reguladora da venda ambulante do Concello de Valdoviño, publicada no BOP da Coruña nº 139, o 24 de xullo de 2015, no capítulo III, sección 1ª, artigo 19.1, dispón que con carácter habitual a venda levarase a cabo no recinto adicado á Feira Municipal o último domingo de cada mes. Non entanto, cando circunstancias derivadas de acontecementos especiais, causas de forza maior ou razóns de orde pública así o aconsellen, poderán celebrarse feiróns especiais.

Considerando as datas estivais, e a fin de ofrecer á cidadanía e comerciantes un espazo para satisfacer as necesidades de oferta e demanda de produto que nesta época aumenta,

E de conformidade coas atribucións que o artigo 20 da ordenanza municipal reguladora da venda ambulante, en relación con el artículo 21.1.q) de la Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local, me confiren, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Celebrar unha data adicional do feirón mensual de agosto que terá lugar o sábado 13 de setembro no horario de 9:00 a 13:30 segundo establece a normativa municipal. Manterase ademais a data habitual do último domingo de mes.

A celebración extraordinaria non dará lugar a unha modificación da taxa xa liquidada para o ano 2025.

SEGUNDO.- Publíquese para xeral coñecemento a presente Resolución no Taboleiro de Edictos municipal e na páxina web municipal.

Mándao e asinao o sr. Alcalde Alberto González Fernández, en Valdoviño na data da sinatura electrónica.